

ACTA DA ASEMBLEA EXTRAORDINARIA DA FEDERACIÓN GALEGA DE BALONCESTO CELEBRADA O DÍA 16.01.2019

Nas dependencias da Federación Galega de Baloncesto en Santiago, reúnese a Asemblea Extraordinaria da Federación Galega de Baloncesto o día 16.01.19 baixo a Presidencia de D. Francisco Martín Micó e actuando como Secretaria a que o é da mesma D^a Susana Fernández Fiuza; coa asistencia dos membros relacionados ao final da presente, dando comezo a mesma coa Orde do Día que se indica a continuación e en segunda convocatoria:

1º.- Reconto dos membros presentes.

2º.- Aprobación do Orzamento 2019

Abre a sesión o Presidente en segunda convocatoria dando por constituída a mesma sendo ás 18.00 horas. Agradece a todos os presentes a súa participación e pásase ao primeiro punto na orde do día.

1. Reconto dos membros asistentes:

A Secretaria toma a palabra e dá conta dos asembleístas que están presentes na Asemblea: un total de 19 asembleístas. Informa que segundo os artigos 59 e seguintes queda constituída a Asemblea en segunda convocatoria.

Tamén informa que, en cumprimento do Artigo 61 apartado 4 da Lei 3/2012 do Deporte de Galicia, as federacións deportivas galegas terán que aprobar en asemblea e durante o derradeiro trimestre do seu exercicio económico o orzamento correspondente ao seguinte exercicio.

2. Aprobación do Orzamento 2019

O Presidente toma a palabra e indica que este orzamento elaborase en base ao histórico das contas dos anos anteriores.

Tamén informa que dous asembleístas, Sr. Cotelo e Sr. Alvarez-Ossorio, solicitaron a ampliación desta información, a cal se lle fixo chegar.

En base a esta petición, o Presidente informa de que na próxima asemblea de aprobación de orzamentos achegarase as contas dos mesmos a dez díxitos.

O presidente dá a palabra aos asembleístas e o Sr. Cotelo informa que, efectivamente, acudiu á Federación e se lle entregou todo o que solicitou, pero que agora ten unhas dúbidas:

- Na partida do seguro deportivo hai unha diferenza entre ingresos e gastos. O tesoureiro indícalle que o contrato coa aseguradora prevee unhas penalizacións se hai demasiados sinistros.
- No CGAB hai unha partida total de gastos de ao redor de 150.000€. Por parte da secretaria se lle informa do referente aos gastos de persoal, os gastos de titorías, e os gastos de formación, etc.

O Sr. Codesido intervén e cree, persoalmente, que o resultado da inversión estrutural do CGAB é un gasto excesivo para os resultados que se obteñen.

O Sr. Alvarez-Ossorio explica que o que pretendía era ter unha información máis detallada. Tamén solicita que se faga un seguimento orzamentario a 31 de outubro.

O Tesoureiro indica que o lóxico é facer un seguimento orzamentario, ou trimestral ou a 31/10 de cada ano. De todas formas, indica que calquera das partidas están feitas baseadas nun histórico, e a experiencia da xunta directiva. Somos unha federación que a día de hoxe, non temos que depender de créditos/pólizas bancarias, a situación dende o punto de vista do balance é equilibrada.

O Sr. Cotelos indica que o tema é que cando tes unhas partidas orzamentarias para diferentes programas,(que haberá que ver si son efectivas), o primeiro paso, por exemplo para saber se é efectivo o traballo cunha selección e sentar unhas bases (obxetivos) e el sigue esperando que se indiquen. Está claro que os adestradores das seleccións o fan de boa fe, el adícalle nua temporada 618 horas as seleccións (adestramentos, desprazamentos, concentracións); e logo ve outras cousas como que hai partidas de diñeiro porque hai xente que fai moito traballo, e iso non se ve reflexado.

O Presidente intervén e pregunta ao Sr. Cotelos se o que quere dicir é que hai xente que cobra dobre e non fai o traballo? O que lle responde o Sr. Cotelos que sí.

O Presidente indica que tanto o director deportivo como o director arbitral e secretaria xeral están remunerados por debaixo do traballo que fan. O Sr. Cotelos solicita seriedade e o Presidente apunta que se considera unha persoa seria e que respeta ás persoas, e que si estás nun cargo ninguén te obriga a estar nel.

O Presidente refire que aquí se está cuestionando a xestión da Federación, os números son secundarios. Estase aproveitando unha situación para falar da xestión non do orzamento.

O Sr. Codesido comenta que o orzamento é o que a federación destina para a súa xestión, o Presidente dí que efectivamente e que se o Sr. Codesido non está de acordo co mesmo que respeta a súa decisión

O Sr. Lázare Rincón toma a palabra e di que a Xunta Directiva toma unhas decisións e presenta uns orzamentos (incluíndo os soldos) que serán os assembleístas os que decidan se se aproba o u non. O debate non é si un cobra moito o pouco, se non os orzamentos.

Toma a palabra o Vicepresidente D. Albarte Zato e significa que a FGB presenta un orzamento baseado nun histórico de gastos. As persoas que colaboran nas diferentes áreas da federación son remuneradas, tanto técnicos, informadores, adestradores... etc. esta Xunta Directiva o que pretende é compensar a todos economicamente polo seu traballo.

O Sr. Feijoo Pardo indica que tiña como premisa da súa presenza nesta asemblea son dous puntos na orde do día: relato de asistentes, e aprobación do orzamento. Creo que este non é o foro adecuado para estas cuestións, pero lévase unha hora debatindo, cando o que hai que facer é votar se se aproban ou no os orzamentos. Persoalmente adverte unha certa desconfianza cara a proposta do orzamento. Pensa que aos assembleístas non lles corresponde dicir a onde se destina o diñeiro, se non se están de acordo ou non co orzamento. El non pode vir a expoñer o "seu orzamento" é o da xunta directiva.

O Sr. Fernández Rodríguez dí que debatir é fantástico. E o que lle pediría a xunta directiva é eficiencia.

O Presidente dí que o equilibrio orzamentario está conseguido durante estes derradeiros anos e, como dixo o tesoureiro, temos unhas contas equilibradas.

Procédese á votación do orzamento para o exercicio 2019 co seguinte resultado:


Votos a favor: 17

Votos en contra: 2. (Javier Cotelo Rama, Javier Codesido Farto)

Abstencións: 0

Queda aprobado o orzamento para o exercicio 2019

Non habendo máis asuntos que tratar, dáse por finalizada a Asemblea Xeral Ordinaria da Federación Galega de Baloncesto sendo ás 19.25 hrs. do día da data, da que eu como Secretaria dou fe.



Relación de Asistentes

Javier Codesido Farto (Adestradores)
Javier Cotelo Rama (Adestradores)
Jorge López Mosquera (Adestradores)
Daniel López Illán (Arbitros)
Enrique Alvarez-Ossorio Laborde (Arbitros)
Judith Trasancos Blanco (Arbitros)
F. Gonzalo Seijo Rodríguez (Xogadores)
Anselmo Noya Martínez (C.b. Meco)
David Castañón Gadea (C.B. Fundación Acea da Ma)
Jesús Lázare Rincón (C.B. Breogán)
José M. Valeiro Iglesias (C.B. Sto. Domingo Betanzos)
José M^a Dios Diz (A.D.B. Fontiñas)
José M^a González Rodríguez (C.B. Valle Inclán)
Juan C. Fernández Herrero (C.B. Básquet Coruña)
Julio Feijoo Pardo (C.B. Vedruna)
M^a Isael Rey García (C.B. Rio Ulla)
Miguel A. Fernández Rodríguez (Obradoiro C.A.B.)
Primitivo X. Reguera Rodríguez (E.B. Xiria)
Rosa Morales Gómez (A.B. Xinzo)
Francisco Martín Micó (Presidente)

Invitados

Luis M. Gil Penín
Carlos López Cachaza
José M. Villamarín Couto
José L. Pérez Pérez
Alberte Zato y Gómez de Liaño
José M. Castelao Figueiras